



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O primeiro tenente de alcaldesa D. Juan González Leirós

### **ASISTENTES:**

D. Daniel Mallo Castro  
D. David López Saborido  
D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **NON ASISTE:**

D. Ramón Boga Moscoso

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIO ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día trinta de xullo do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós, (por delegación da Sra. alcaldesa, segundo Resolución da Alcaldía núm. 897/2024, de 29 de xullo), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Daniel Mallo Castro, D. David López Saborido, D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste e presenta escusa D. Ramón Boga Moscoso.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 23 de xullo de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 23 de xullo de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, o secretario accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Decreto 171/2024, de 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025. DOG núm. 143, do 24-07-2024.



- Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Resolución de 17 de xullo de 2024, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR351F). DOG núm. 144, do 26-07-2024.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 16 de xullo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeneracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeneracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2024 (código de procedemento BS508E). DOG núm. 144, do 29-07-2024.

- Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, Ministerio de Facenda, Resolución de 24 de xullo de 2024, pola que se dá cumprimento ao artigo 41.1.a) do Real decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. BOE núm. 183, do 30-07-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 19 ao 24 de xullo de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 878/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 886/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
878/2024	19-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xullo de 2024
879/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JJVC por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
880/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a IT por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
881/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía JARL, YASJB, ACBSJ, SIRSJ, AdeSJA e DJdeSJB por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
882/2024	19-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24 de xullo de 2024
883/2024	19-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida,



		con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JLFM por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
884/2024	24-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JGMR, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
885/2024	24-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JABR por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
886/2024	23-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AADV por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira